



RESOLUCIÓN DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDESA

Vistas as BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE PROMOCIÓN E APOIO Á ACTIVIDADE DEPORTIVA NO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2025, co seguinte literal:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN E O APOIO Á ACTIVIDADE DEPORTIVA NO CONCELLO DE PONTEAREAS 2025

O Concello de Ponteareas, no exercicio das súas competencias en materia de promoción do deporte previstas no artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 8.2 e 9 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, impulsa esta convocatoria pública de subvencións co obxectivo de apoiar a actividade ordinaria das entidades deportivas locais, a participación de deportistas individuais e a promoción específica do deporte de motor.

Estas bases reguladoras establécense ao abeiro do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co obxecto de garantir a adecuada xestión dos recursos públicos conforme aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, igualdade, transparencia e eficiencia.

O texto axústase tamén ao principio de proporcionalidade e simplicidade administrativa recollido no artigo 3.1 da Lei 38/2003, en virtude do cal as cargas formais e obrigas de acreditación deberán reducirse naqueles casos nos que resulten innecesarias, co fin de facilitar o acceso das entidades e persoas beneficiarias sen prexuízo da debida xustificación na aplicación dos fondos públicos.

Os vixentes orzamentos do Concello de Ponteareas para o exercicio 2025 contan cunha dotación económica total de 200.000€ (Dous centos mil euros); con imputación á partida orzamentaria 2025-34000-4890101-01.

A través destas axudas preténdese contribuír á visibilización do deporte como ferramenta transversal para a integración social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento educativo e comunitario, garantindo o acceso equitativo á práctica deportiva e o respaldo institucional necesario para a súa continuidade.

As presentes bases dan continuidade ao compromiso estratéxico do Concello de Ponteareas co tecido deportivo municipal. Este apoio responde



ao impacto positivo da práctica deportiva na saúde pública e na promoción de hábitos de vida saudable, así como á súa capacidade de xerar cohesión social e fomentar a participación cidadá.

A concesión das axudas rexerase por criterios técnicos e obxectivos que garantan unha distribución equitativa, sustentable e transparente dos recursos públicos. Con este enfoque, preténdese consolidar Ponteareas como unha vila activa, integradora e **orgullosa do seu tecido deportivo**.

PRIMEIRA. - OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a apoiar a actividade deportiva no ámbito municipal durante a tempada 2024/2025 ou, no caso das disciplinas cuxa tempada se desenvolva por ano natural, durante o ano 2025.

As subvencións reguladas nestas bases serán financiadas con cargo á partida orzamentaria 2025-34000-4890101-01 do orzamento municipal vixente, cunha dotación total de 200.000,00 € (douscentos mil euros), sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poidan producirse conforme á normativa aplicable.

SEGUNDA. - FINANCIAMENTO E DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

A contía global será distribuída nas seguintes liñas de actuación:

- Liña 1. Subvencións a clubs e entidades deportivas: 170.000€
- Liña 2. Apoio a deportistas individuais: 18.000€
- Liña 3. Apoio ao deporte de motor: 12.000€

No suposto de que, unha vez resoltas todas as solicitudes admitidas dentro dunha determinada liña, non se esgote a totalidade do crédito inicialmente asignado, o importe sobrante poderá ser destinado a outra aplicación orzamentaria da mesma área municipal (Concellería de Deportes) relacionada coas súas competencias e conforme ao previsto nas bases de execución do orzamento municipal.

TERCEIRA. -GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan de forma indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan necesarios para o desenvolvemento ordinario da actividade deportiva das entidades ou deportistas solicitantes, durante a tempada 2024/2025 ou, no seu caso, durante o ano natural 2025.

Poderán ser obxecto de subvención, entre outros:



- Gastos de licenzas federativas e mutualidades.
- Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención.
- Gastos derivados de arbitrxes e cotas federativas.
- Retribucións a técnicos/as, adestradores/as e persoal auxiliar.
- Alugueiro de instalacións deportivas.
- Compra de material deportivo funxible.
- Gastos de comunicación e subministracións directamente vinculadas á actividade deportiva (teléfono, internet, etc.).

En ningún caso serán subvencionables os gastos de investimento en infraestruturas deportivas e obras.

As subvencións ás entidades deportivas terán carácter único e abranguerán os gastos xerados pola actividade ordinaria durante toda a tempada, sen prexuízo de que se valoren aspectos complementarios como a participación ou organización de eventos.

A tempada deportiva considerarase conforme ao calendario federativo oficial de cada modalidade. Para os efectos de xustificación, deberá indicarse no informe correspondente o período exacto comprendido, segundo a documentación achegada pola federación deportiva correspondente.

CUARTA. -REQUISITOS DAS PERSOAS OU ENTIDADES SOLICITANTES

Requisitos comúns

Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aquelas persoas físicas ou xurídicas que, reunindo os requisitos específicos de cada liña de axuda, cumpran as condicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estean incursas nas prohibicións establecidas no dito artigo nin no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así mesmo, deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Facenda autonómica e o Concello de Ponteareas, nos termos establecidos na normativa reguladora das subvencións.

Requisitos específicos por liña de axuda



Liña 1. Clubs e entidades deportivas

Poderán acceder a esta liña os clubs, asociacións ou agrupacións deportivas legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio fiscal no Concello de Ponteareas, desenvolvan a súa actividade principal no seu termo municipal e estean integradas na federación deportiva correspondente, agás as excepcións previstas nestas bases.

Non poderán optar:

- As federacións deportivas.
- Os clubs integrados en institucións oficiais.
- As entidades con convenio nominativo vixente en relación cun obxecto análogo.

Liña 2. Deportistas individuais

Poderán optar aquelas persoas deportistas:

- Empadroadas en Ponteareas cunha antigüidade mínima dun ano na data de publicación da convocatoria.
- En posesión de licenza federativa vixente.
- Que teñan participado, a título individual, en campionatos oficiais de ámbito internacional, nacional ou autonómico ou en convocatorias coas seleccións galega, española ou calquera outra recoñecida federativamente.

Non poderán optar:

- Deportistas incluídos en programas de alto rendemento olímpico.
- Deportistas que compitan exclusivamente en equipos en ligas regulares.
- Os deportistas que contén con sanción disciplinaria firme ou teñan sido obxecto de descualificación por conduta antideportiva.

Aclaracións:

Poderán optar aquelas persoas deportistas que, aínda formando parte dun club ou equipo, participen de forma individual en competicións oficiais recoñecidas, sempre que se poida acreditar a súa participación individualizada.

Así mesmo, poderán acceder á liña aquelas persoas que, aínda competindo habitualmente en equipo, fosen convocadas pola selección galega, española



ou calquera outra recoñecida federativamente. Esta circunstancia deberá ser acreditada mediante certificación federativa oficial.

Liña 3. Deportistas de motor

Poderán optar aquelas persoas deportistas:

- Empadroadas no Concello de Ponteareas cunha antigüidade mínima dun ano contado desde a data de publicación da convocatoria.
- En posesión da licenza federativa vixente, emitida pola federación deportiva correspondente e vinculada a disciplinas de motor.

Non poderán optar:

- Os deportistas que contén con sanción disciplinaria firme ou teñan sido obxecto de descualificación por conduta antideportiva.

QUINTA. -OBRIGAS DOCUMENTAIS EN FUNCIÓN DO IMPORTE SOLICITADO

As persoas ou entidades solicitantes que presenten solicitudes por importe **superior a 3.000,00 €** deberán achegar, xunto coa solicitude, as certificacións que acrediten estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ponteareas.

No caso de solicitudes por importe **igual ou inferior a 3.000,00 €**, poderá substituírse esta documentación por unha declaración responsable da persoa ou entidade solicitante, nos termos establecidos no artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

De conformidade co artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a presentación da solicitude implicará a autorización expresa da persoa ou entidade solicitante para que o Concello de Ponteareas obteña, por medios electrónicos, os certificados acreditativos do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (arts. 18 e 19 da mesma Lei), así como coas obrigas fiscais municipais.

BASE SEXTA. -COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN



As subvencións reguladas nestas bases serán compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas destinadas á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, nacional ou internacional.

Non obstante, serán incompatibles coas subvencións tramitadas mediante convenios nominativos de colaboración asinados co Concello de Ponteareas durante a tempada 2024/2025, cando o seu obxecto sexa coincidente ou análogo ao da presente convocatoria.

As persoas ou entidades beneficiarias estarán obrigadas a comunicar, no momento da solicitude ou en calquera caso antes da finalización do prazo de xustificación, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien total ou parcialmente a actividade obxecto da subvención.

En ningún caso o importe total das subvencións concedidas poderá superar o custo total da actividade subvencionada. De producirse esta circunstancia, aplicaráse a redución proporcional que corresponda ou se procederá ao reintegro do exceso, consonte ao previsto no artigo 34 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O Concello de Ponteareas poderá comprobar de oficio a existencia doutras subvencións concedidas para a mesma finalidade mediante a consulta da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e doutros rexistros públicos dispoñibles. Así mesmo, poderá requirir ás entidades ou persoas solicitantes información adicional ou aclaratoria sobre as declaracións presentadas en materia de compatibilidade.

BASE SÉTIMA. -CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

LIÑA 1: CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS

Puntuación máxima total: 100 puntos

BLOQUE A - Licenzas federativas por categoría - (máx. 40 puntos)

Este bloque valora o volume de actividade deportiva real do club, a través do número de licenzas federativas en vigor, tanto en categorías de base como absolutas.

A.1 - Licenzas federativas de base (categorías inferiores á absoluta) - (máx. 25 puntos)



10-20	21-40	41-60	61-80	>80
6 pts	12 pts	16 pts	20 pts	25 pts

A.2 - Licenzas federativas absolutas (categoría sénior) - (máx. 15 puntos)

1-10	11-20	21-30	31-40	>40
2 pts	5 pts	8 pts	10 pts	15 pts

- Só se terán en conta licenzas válidas e verificables mediante certificación federativa oficial.
- Os clubs deberán presentar un anexo específico co número de licenzas federativas, desagregadas por categoría e xénero, que será empregada tamén para valorar o criterio de igualdade.

BLOQUE B - Igualdade de xénero nas licenzas - (máx. 10 puntos)

Valoraranse as licenzas femininas activas na tempada 2024/2025 ou no ano natural 2025, segundo a modalidade.

1-5	6-15	16-30	31-50	>50
2 pts	4 pts	6 pts	8 pts	10 pts

- Será imprescindible presentar a certificación federativa desagregada por xénero.
- Poderán adaptarse os tramos en modalidades cunha baixa representación feminina estrutural, mediante acordo da comisión.

BLOQUE C - Actividade competitiva - (máx. 15 puntos)

C.1 - Nº de equipos de base en competición federada - (máx. 9 puntos)

1 equipo	2-3 equipos	4-5 equipos	>5 equipos
3 pts	5 pts	7 pts	9 pts

C.2 - Ámbito das competicións - (máx. 6 puntos)



Local	Provincial	Autonómico	Nacional/Inter.
1 pto	2 ptos	4 ptos	6 ptos

- Só se valorarán competicións oficiais con calendario regular, organizadas ou recoñecidas polas federacións. Valórase a máis alta acadada pola entidade sexa de base ou absoluto.
- Deberá presentarse documentación acreditativa das competicións.

BLOQUE D - Programas paralelos - (máx. 10 puntos)

Igualdade	Inclusión social	Promoción base
2 ptos/actividade	2 ptos/actividade	2 ptos/actividade

Subcriterio	Cómo se acredita	Exemplo práctico
Igualdade	Declaración do club + documentación dun programa, charla, actividade ou campaña propia ou en colaboración (fotos, cartelería, convenio, difusión)	Torneo feminino, actividade mixta, campaña de visibilización
Inclusión social	Programa ou actividade enfocada a persoas con discapacidade, diversidade funcional, persoas migrantes ou en risco de exclusión, xustificado documentalmente	Adestramentos adaptados, grupo específico, colaboración con entidades sociais
Promoción do deporte base	Actividade de iniciación deportiva, escolas propias, xornadas abertas ou convenios con centros escolares	Escola deportiva, adestramentos con nenos/as sen competición, portas abertas

- Cada acción acreditada correctamente sumará 2 puntos, con independencia da liña temática á que pertenza
- As actividades deben ser promovidas ou executadas directamente pola entidade solicitante.



BLOQUE E - Relevancia e continuidade do proxecto deportivo - (máx. 10 puntos)

Antigüidade da entidade		
<5 anos	5-9 anos	≥10 anos
1 pto	3 ptos	5 ptos
Categorías activas		
1-2	3-4	≥5
1 pto	3 ptos	5 ptos

- A antigüidade deberá xustificarse documentalmente.
- As categorías activas acreditaranse mediante documentación federativa.

BLOQUE F - Capacidade de xestión e equilibrio orzamentario - (máx. 10 puntos)

Orzamento equilibrado	Orzamento claro	Cumprimento anterior
5 ptos	2 ptos	3 ptos

- O equilibrio valorarase sobre os datos achegados no orzamento presentado.
- O cumprimento anterior só se valorará se hai historial no programa de subvencións.

BLOQUE G - Capacidade de autofinanciación

Criterio	Puntuación
Acreditación de ingresos propios (patrocinios, cotas, actividades) ≥25 % do orzamento presentado	5 ptos



- Declaración responsable asinada pola entidade acreditando que o 25% ou máis dos ingresos do club proceden de fontes distintas das subvencións públicas.

CRITERIOS DE VALORACIÓN - LIÑA 2: DEPORTISTAS INDIVIDUAIS

Puntuación máxima total: 100 puntos

BLOQUE A - Nivel competitivo acadado (máx. 30 puntos)

Este bloque valora os logros deportivos en competicións oficiais recoñecidas por federacións, considerando só aquelas participacións con resultado final no período subvencionable.

Resultado	Autonómico	Nacional	Intern./ Olimpiadas
Campión/a	20 pts	25 pts	30 pts
2º-3º posto	15 pts	20 pts	25 pts
Entre 4º e 8º	10 pts	15 pts	20 pts
Só participación	5 pts	10 pts	15 pts

Valoraranse os resultados máis relevantes obtidos en competicións oficiais.

BLOQUE B - Ámbito da competición máis relevante (máx. 20 puntos)

Local / Comarcal	Provincial	Autonómico	Nacional	Internacional/ Olimpiadas
2 pts	5 pts	10 pts	15 pts	20 pts

Tomarase como referencia o ámbito máis alto no que participou durante o período subvencionable.



BLOQUE C - Participación en competicións oficiais (máx. 15 puntos)

Nº de participacións	1-2	3-5	6-9	≥10
Puntuación	3 ptos	6 ptos	10 ptos	15 ptos

Só se computarán competicións oficiais federadas dentro do período subvencionable.

BLOQUE D - Pertenza a seleccións oficiais (máx. 10 puntos)

Sen participación	Convocatoria de ámbito inferior	Convocatoria autonómica	Convocatoria nacional
0 ptos	2 ptos	5 ptos	10 ptos

Debe acreditarse mediante certificado oficial da federación correspondente.

BLOQUE E - Compromiso académico (máx. 10 puntos)

Situación académica	Puntuación
Estudiante en activo con certificado (Primaria, ESO, bacharelato, FP, universidade)	10 ptos
Non aplicable ou non acreditado	0 ptos

Pode acreditarse con copia da matrícula, expediente ou boletín de calificacións.



BLOQUE F - Volume de gastos deportivos xustificados (máx. 15 puntos)

Gastos totais xustificados (€)	<500	500-1.000	1.001-2.000	>2.000
Puntuación	3 ptos	6 ptos	10 ptos	15 ptos

Admitiranse xustificantes vinculados á actividade deportiva: licenzas, desprazamentos, material, cotas...

CRITERIOS DE VALORACIÓN - LIÑA 3: DEPORTE DO MOTOR

Puntuación máxima total: 100 puntos

BLOQUE A - Nivel competitivo acadado (máx. 30 puntos)

Tipo de competición	Puntuación
Competición internacional oficial (FIA/FIM ou recoñecida por federación)	30 puntos
Competición nacional oficial (RFEDA, RFME...)	25 puntos
Campionato galego oficial (FGAuto, FGMot...)	20 puntos
Probas autonómicas recoñecidas pero non puntuables	10 puntos
Probas locais, sociais ou non oficiais	5 puntos

BLOQUE B - Número de probas realizadas (máx. 25 puntos)

Nº de probas oficiais	1-2	3-4	5-6	>7
------------------------------	------------	------------	------------	--------------



completadas no período subvencionable				
Puntuación	5 pts	10 pts	20 pts	25 pts

- Só se computarán probas oficiais incluídas nos calendarios federativos.
- Será obrigatorio achegar certificación federativa ou documentación que acredite a participación e finalización de cada proba.

BLOQUE C - Gastos deportivos xustificados (máx. 25 puntos)

Importe xustificado (€)	<500 €	500-999 €	1.000-1.999 €	2.000-2.999 €	≥3.000 €
Puntuación	5 pts	10 pts	15 pts	20 pts	25 pts

- Só se admitirán gastos directamente vinculados á actividade deportiva subvencionada (inscricións, taxas federativas, desprazamentos, material técnico, seguros...).
- Os gastos deberán estar documentados con factura ou xustificante oficial de pago.

BLOQUE D - Resultados deportivos acadados (máx. 20 puntos)

Clasificación	1º posto	2º-3º posto	4º a 10º	Finalización
Puntuación	20 pts	15 pts	10 pts	5 pts

- Tomarase como referencia o mellor resultado individual no período subvencionable.
- Deberá achegarse acta oficial da proba ou certificado da federación.



BASE OITAVA. -CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS

O importe da subvención que corresponda a cada entidade ou persoa beneficiaria determinarase en función da puntuación obtida segundo os criterios establecidos nas presentes bases e da dotación económica dispoñible en cada liña.

A distribución do crédito realizarase mediante un sistema proporcional, conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Subvención individual} = (\text{Puntuación da solicitude} / \text{Suma total de puntuacións admitidas na liña}) \times \text{Crédito dispoñible na liña}$$

En ningún caso a subvención concedida poderá superar os seguintes límites máximos:

- Liña 1 (clubs e entidades deportivas): 18.000,00 €
- Liña 2 (deportistas individuais): 1.000,00 €
- Liña 3 (deporte do motor): 400,00 €

Así mesmo, o importe final de cada subvención quedará limitado polo orzamento de gastos presentado e os gastos efectivamente xustificables. En caso de que a contía resultante supere o importe total xustificable, aplicarase a redución proporcional correspondente.

No caso de que tras a aplicación da fórmula existan remanentes por renuncia, exclusión ou por non alcanzar o importe xustificable, estes poderán redistribuírse entre as solicitudes admitidas da mesma liña, seguindo o mesmo criterio proporcional e dentro dos límites establecidos ou pasar ou ser destinadas a outra aplicación orzamentaria da mesma área municipal (Concellería de Deportes) relacionada coas súas competencias e conforme ao previsto nas bases de execución do orzamento municipal.

Adicionalmente, no suposto de que, como resultado da aplicación da fórmula proporcional e dos límites máximos por entidade, a suma das subvencións resultantes superase o crédito total dispoñible da liña, poderase aplicar un coeficiente de axuste global. Este axuste permitirá



garantir unha distribución axustada ao crédito dispoñible, mantendo a proporcionalidade entre as puntuacións obtidas e respectando, en todo caso, os límites máximos individuais establecidos.

Así mesmo, e aos efectos de garantir unha distribución equilibrada, o dito coeficiente poderá aplicarse aínda sen terse superado o límite orzamentario da liña, sempre que se manteña o criterio de proporcionalidade e os límites establecidos nas presentes bases.

BASE NOVENA. -PROCEDEMENTO DE INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

A concesión das axudas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva. O órgano encargado da instrución do procedemento será a persoa técnica responsable do Departamento de Deportes do Concello de Ponteareas, que acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución.

Mediante proposta de resolución do Concelleiro de Deportes ou da persoa na que delegue, e tras informe do órgano instructor, publicarase na sede electrónica do Concello a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, coa puntuación asignada e, se procede, coa documentación requirida. Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución realizaranse a través da páxina web do Concello e notificaranse electronicamente ás persoas solicitantes.

De conformidade co artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, no caso de que a documentación presentada sexa incompleta ou non reúna os requisitos esixidos na convocatoria, a persoa solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete ou emende a documentación no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a recepción da notificación. Advertirase que, de non facelo no prazo indicado, se entenderá que desiste da súa solicitude e archivarase o expediente.

Adicionalmente, o Concello poderá, en calquera fase do procedemento, requirir á persoa ou entidade solicitante a achega de documentación complementaria ou aclaratoria, cando esta resulte necesaria para resolver sobre a súa solicitude ou para verificar o cumprimento das condicións establecidas na presente convocatoria. A falta de resposta no prazo establecido poderá dar lugar á inadmisión da solicitude ou, se é o caso, á denegación da subvención, sen prexuízo doutras consecuencias previstas na normativa vixente.



O órgano instrutor elaborará un informe sobre as solicitudes admitidas e realizará os requirimentos necesarios, que serán trasladadas á Comisión de Avaliación para a súa análise.

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

- Presidencia: o Concelleiro de Deportes ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Unha persoa técnica ou administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría.
- Unha persoa técnica ou administrativa municipal.
- Unha persoa técnica ou administrativa municipal, con voz pero sen voto, que actuará como secretario/a da comisión.

Poderán estar presentes, con voz pero sen voto, outros membros do Goberno municipal ou persoal técnico que a comisión considere oportuno convocar.

Á vista do informe do órgano instrutor e da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Concelleiro de Deportes elevará ao Primeiro Tenente de Alcaldesa tanto a proposta provisional como a proposta definitiva de concesión, previo informe da Intervención municipal. O Primeiro Tenente de Alcaldesa será o órgano competente para a adopción da resolución de concesión das subvencións.

As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes por silencio administrativo, porán fin á vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Considerarase rexeitada a notificación cando transcorresen dez (10) días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.

No caso de que non sexa posible efectuar a notificación electrónica por razóns técnicas, esta realizarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



BASE DÉCIMA - ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión, entenderase aceptada a subvención por parte das persoas ou entidades beneficiarias, salvo que expresamente renuncien a ela no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución na sede electrónica do Concello de Ponteareas.

A renuncia deberá formalizarse mediante escrito dirixido ao órgano instrutor, preferentemente a través da sede electrónica municipal.

No caso de producirse renuncias, exclusións ou revogacións que deixen crédito dispoñible dentro da mesma liña de subvención, o Concello poderá redistribuír o importe resultante entre o resto das solicitudes admitidas na mesma liña, seguindo o criterio proporcional previsto nestas bases e sen superar os límites máximos establecidos.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

As persoas ou entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, así como a aplicación dos fondos recibidos, mediante a presentación dunha conta xustificativa.

O prazo para presentar a xustificación será ata o **30 de setembro de 2025**, inclusive.

A conta xustificativa deberá incluír:

- Relación detallada dos gastos realizados (modelo normalizado).
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente emitidos a nome da entidade ou persoa beneficiaria.
- Xustificantes de pagamento (transferencia bancaria, tarxeta, cargo en conta, etc.).
- Calquera outra documentación complementaria que se determine nas instrucións da convocatoria.

Só serán admitidos como gastos xustificables aqueles que:

- Se axusten aos conceptos previstos nestas bases.
- Estean realizados e pagados no período subvencionable.
- Se xustifiquen mediante factura e comprobante de pagamento.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo



que se regulan as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas a nome da entidade ou persoa beneficiaria.

Admitiranse pagamentos en efectivo por importe inferior a 300,00 €, sempre que se xustifiquen mediante factura ou documento de valor probatorio equivalente e que se axusten ao disposto no artigo 42.1 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os gastos por importe **superior a 300,00 €** deberán ser aboados mediante medio bancario. Non se admitirán como válidos, nestes casos, os pagos en metálico.

Admitiranse pagamentos en metálico cando:

- O importe individual ou acumulado por provedor non supere os 300,00 €.
- Se xustifique mediante factura asinada polo provedor co indicativo de “pagado en efectivo”.

Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva das facturas, agás que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique documentalmente estar exenta do pagamento do IVE. Neste caso, poderá computarse o importe total da factura.

O pagamento da subvención realizarase unha vez verificada a xustificación presentada. En caso de que o importe xustificativo sexa inferior ao inicialmente concedido, o pagamento axustarase proporcionalmente.

No caso de que a documentación presentada sexa incompleta ou conteña erros ou defectos emendables, o Concello poderá requirir á persoa ou entidade beneficiaria para que, nun prazo de **dez (10) días hábiles**, emende a xustificación ou achegue os documentos que falten. De non facelo no prazo sinalado, considerarase que non se cumpriu coa obriga de xustificación, podendo iniciarse o correspondente procedemento de reintegro conforme á normativa aplicable.

BASE DÉCIMO SEGUNDA - REINTEGRO DAS SUBVENCIONES

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro, entre outros, nos seguintes casos:



- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.
- Incumprimento da obriga de xustificación nos termos establecidos nestas bases.
- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando datos relevantes.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro.

Cando o cumprimento por parte da persoa ou entidade beneficiaria se aproxime de forma significativa ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente dirixida ao cumprimento das obrigas, o importe a reintegrar será proporcional ao incumprimento detectado.

O procedemento de reintegro tramitarase conforme ao disposto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título IV do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. -CONTROL DAS SUBVENCIONS

As persoas ou entidades beneficiarias someteranse ás actuacións de control que poidan realizar os servizos municipais co fin de verificar o cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases e demais normativa aplicable.

Así mesmo, estarán obrigadas a facilitar tanta información lles sexa requirida pola Intervención municipal, polos órganos de control financeiro da Xunta de Galicia, polo Consello de Contas ou polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

O Concello de Ponteareas poderá realizar visitas de comprobación e seguimento, así como solicitar copia ou orixinais da documentación xustificativa presentada, co fin de verificar a súa autenticidade e axuste aos criterios establecidos na convocatoria.

O incumprimento das obrigas de colaboración e control poderá dar lugar ao inicio do procedemento de reintegro nos termos previstos na normativa vixente.

BASE DÉCIMO CUARTA. -PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONS

O Concello de Ponteareas publicará a resolución definitiva de concesión das subvencións na súa sede electrónica, así como no taboleiro de anuncios



municipal, con indicación da persoa ou entidade beneficiaria, puntuación obtida, importe concedido e liña de axuda correspondente.

Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a convocatoria e a resolución de concesión serán comunicadas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que dará traslado ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As persoas e entidades beneficiarias estarán obrigadas a facer constar en toda a publicidade ou difusión das actividades subvencionadas a colaboración do Concello de Ponteareas. Para tal fin, deberán utilizar o logotipo oficial e seguir as indicacións facilitadas no manual de identidade visual corporativa.

O incumprimento desta obriga poderá ser considerado como infracción e poderá dar lugar, se é o caso, ao inicio dun procedemento de reintegro parcial da subvención.

BASE DÉCIMO QUINTA. OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As persoas e entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases estarán obrigadas a:

- Cumprir a finalidade da subvención e desenvolver a actividade para a que foi concedida, nos termos establecidos nas presentes bases.
- Xustificar a correcta aplicación dos fondos concedidos, mediante a presentación da documentación prevista na base correspondente.
- Someterse ás actuacións de control que se establezan por parte do Concello de Ponteareas, así como ás que poidan realizar os órganos de control financeiro da Comunidade Autónoma, do Estado ou do Tribunal de Contas.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co propio Concello de Ponteareas.
- Conservar os documentos xustificativos da subvención durante un período mínimo de catro anos, para os efectos de control e fiscalización.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para obter subvencións recollidas na normativa vixente.
- Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente.



- Comprometerse a cumprir, en todo momento, coas regras e valores de “Xogo Limpo” publicados polo Consello Superior de Deportes (CSD).
- Facer constar expresamente a colaboración do Concello de Ponteareas en todas as actividades, materiais ou comunicacións vinculadas á subvención, empregando o logotipo oficial do Concello.
- Comunicar ao Concello, tan pronto como se produzan, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien total ou parcialmente a mesma actividade subvencionada.
- Informar ao Concello de calquera modificación relevante na execución da actividade subvencionada que poida afectar ao cumprimento da finalidade ou ás condicións da axuda.
- Facer constar expresamente a colaboración do Concello de Ponteareas en todas as actividades, materiais ou comunicacións vinculadas á subvención, empregando o logotipo oficial do Concello.



BASE DÉCIMO SEXTA. -INFRACCIÓN E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións aplicable ás persoas e entidades beneficiarias será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Considéranse infraccións administrativas en materia de subvencións as accións ou omisións tipificadas nas devanditas normas, podendo dar lugar á imposición das sancións correspondentes, sen prexuízo da obriga de reintegro regulada na base correspondente.

A imposición de sancións será competencia do órgano concedente da subvención, logo da tramitación do procedemento sancionador, conforme á lexislación vixente.

BASE DÉCIMO SÉTIMA. -RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

As subvencións reguladas nestas bases rexeranse polo disposto na convocatoria e nas presentes bases, e supletoriamente, polas seguintes disposicións:

- a)** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- b)** A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- c)** A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d)** A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e demais normativa de réxime local aplicable.
- e)** As bases de execución do orzamento do Concello de Ponteareas para o exercicio 2025.

En todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación a normativa indicada, así como calquera outra disposición que, por razón da materia, resulte aplicable.



ANEXOS





ANEXO I - SOLICITUDE (Liñas 1, 2 e 3)

DATOS DA ENTIDADE OU PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos ou Denominación:

DNI / CIF:

Domicilio:

Localidade:

Código Postal:

Teléfono:

Correo electrónico:

NO CASO DE ENTIDADES (Liña 1): REPRESENTANTE LEGAL

Nome e apelidos:

DNI:

Cargo na entidade:

NO CASO DE PERSOAS MENORES DE IDADE (Liña 2): REPRESENTANTE LEGAL

Nome e apelidos do/a representante:

DNI:

Teléfono:

Correo electrónico:

Parentesco ou vínculo: ☐ Pai ☐ Nai ☐ Titor/a legal

- Declaro que exerzo a representación legal da persoa solicitante, e que todos os datos e documentos achegados son certos.

LIÑA DE SUBVENCIÓN Á QUE CONCORRE (marcar unha):

☐ Liña 1 – Clubs e entidades deportivas



☐ Liña 2 – Deportistas individuais

☐ Liña 3 – Deporte do motor



SOLICITO:

A concesión dunha subvención ao abeiro da convocatoria aprobada polo Concello de Ponteareas para a promoción e o apoio á actividade deportiva (2025), de acordo coas bases reguladoras publicadas, e manifesto que:

- Coñezo e acepto as condicións establecidas na convocatoria.
- Os datos achegados son certos.
- Comprométome a xustificar o destino da axuda e cumprir as obrigas establecidas.

En Ponteareas, a ____ de _____ de 2025

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal

.....

A/A Sra. Alcaldesa do Concello de Ponteareas



ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE (Liñas 1, 2 e 3)

LIÑA 1

D./D^a.: _____ con DNI/NIF n^o: _____

Representando a entidade: _____ con CIF n^o: _____

LIÑAS 2 e 3

D./D^a.: _____ con DNI/NIF n^o: _____

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade ou persoa solicitante:

Non se atopa incurso/a en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que impidan ser beneficiario/a de subvencións públicas.

- a) Ter sido condenada mediante sentenza firme por delitos de corrupción, prevaricación, malversación de fondos públicos, suborno, tráfico de influencias, delitos contra a facenda pública ou contra a Seguridade Social.
- b) Estar incurso en causa de inhabilitación ou suspensión para obter subvencións ou axudas públicas.
- c) Ter pendente de pagamento obrigas por reintegro de subvencións públicas.
- d) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, co Concello de Ponteareas, e coas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Ter sido sancionada con carácter firme por infracción grave ou moi grave en materia de subvencións, fiscal ou de Seguridade Social.
- f) Non atoparse en situación de insolvencia ou en concurso de acredores, salvo que este sexa con continuidade da actividade.
- g) No caso de entidades sen ánimo de lucro: atoparse debidamente constituída, inscrita no rexistro correspondente e ao corrente das obrigas legais de funcionamento.

Comprométese a cumprir as obrigas establecidas nas bases reguladoras da convocatoria e a xustificar correctamente a subvención concedida.



Declara que toda a información e documentación presentada coa solicitude é veraz e que notificará calquera modificación relevante que poida afectar á axuda solicitada.

E para que conste, asino a presente declaración.

En Ponteareas, a ____ de _____ de 2025

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal

.....

A/A Sra. Alcaldesa do Concello de Ponteareas



ANEXO III - DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓN OU AXUDAS PERCIBIDAS

(Liñas 1, 2 e 3)

Entidade ou persoa solicitante:

CIF / NIF:

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que:

☐ **NON recibín** nin solicitei ningunha outra subvención, axuda pública ou privada para a mesma actividade ou finalidade subvencionable recollida na presente convocatoria.

OU (marcar se corresponde):

☐ **SI solicitei ou recibín** outras subvencións ou axudas para a mesma actividade, cuxos datos se indican a continuación:

Entidade concedente	Tipo de axuda	Importe solicitado	Importe concedido (se procede)

Comprométome a comunicar calquera outra subvención ou axuda que me sexa concedida con posterioridade á presentación desta solicitude e antes da resolución definitiva da presente convocatoria

En Ponteareas, a ____ de _____ de 2025

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal



ANEXO IV - CERTIFICACIÓN BANCARIA

I. DATOS DO ACREEDOR

NIF/CIF	Nome ou razón social									
<table><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>										

Domicilio	Provincia
-----------	-----------

Código Postal	Teléfono	Correo electrónico
---------------	----------	--------------------

II. DATOS DO REPRESENTANTE

NIF	Nome e apelidos									
<table><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>										

III. DATOS BANCARIOS

A COMPLETAR POLA ENTIDADE FINANCEIRA

Certifico, a petición da persoa interesada reflexada en “I Datos do acreedor” ea efectos da domicialización dos importes que á mesma lle orde a Tesourería do Concello de Ponteareas, a existencia da conta referenciada en “III Alta de datos bancarios”, aberta a nome do titular que se reflexa no citado apartado “I Datos do acreedor”, con IBAN:



E	S																					
---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

En _____, a, ____ de _____ de 2025

POLA ENTIDAD

(Selo da entidade)

Sinatura_____

*Este apartado, 'III. Datos bancarios', poderá ser substituído pola achega dun certificado de titularidade da conta emitido pola entidade financeira. Neste certificado deberá constar o nome da entidade beneficiaria e do representante.



ANEXO V - ORZAMENTO DA ENTIDADE (Liña 1: Clubs e entidades deportivas)

1. Orzamento de **gastos**

Concepto	Importe (Euros)
TOTAL	

2. Orzamento de **ingresos**

Concepto	Importe (Euros)
TOTAL	

Nota: No caso de que o número de conceptos ou partidas a incluír exceda os espazos dispoñíbles neste modelo, poderase engadir un documento anexo complementario, indicando claramente a que sección pertence (ingresos ou gastos) e mantendo a mesma estrutura (concepto + importe).

Se o orzamento presenta déficit/superávit (explicar brevemente):

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal



ANEXO VI - Relación de méritos (Líña 1)

Entidade:

CIF:

BLOQUE A - Licenzas federativas por categoría

A.1 - Licenzas federativas de base (categorías inferiores á absoluta)

10-20	21-40	41-60	61-80	>80

A.2 - Licenzas federativas absolutas (categoría sénior)

1-10	11-20	21-30	31-40	>40

BLOQUE B - Igualdade de xénero - N° de licenzas femininas

1-5	6-15	16-30	31-50	>50

BLOQUE C - Actividade competitiva

C.1 - N° de equipos de base en competición federada

1 equipo	2-3 equipos	4-5 equipos	>5 equipos

C.2 - Ámbito das competicións



Local	Provincial	Autonómico	Nacional/Inter.

BLOQUE D – Programas paralelos

Actividade	Campo da actividades (Igualdade, inclusión social, promoción da base)

BLOQUE E – Relevancia e continuidade do proxecto deportivo

Antigüidade da entidade		
<5 anos	5-9 anos	≥10 anos
Categorías activas		
1-2	3-4	≥5

BLOQUE F – Capacidade de autofinanciación

Porcentaxe de ingresos propios



0 - ≥ 25 % do orzamento presentado	
25 - ≥ 50 % do orzamento presentado	
50 - ≥ 75 % do orzamento presentado	
75 - ≥ 100 % do orzamento presentado	

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal:



ANEXO VII - LIÑA 2: DEPORTISTAS INDIVIDUAIS

Modalidade deportiva:

Idade:

Club ao que pertence (se aplica):

1. LICENZA FEDERATIVA

- N° de licenza:
- Federación correspondente:
- Vixencia: desde ___ / ___ / 202_ ata ___ / ___ / 202_

2. COMPETICIÓN NAS QUE PARTICIPA OU PARTICIPOU

BLOQUE A - Nivel competitivo acadado (selecciona unha)

Resultado	Autonómico	Nacional	Intern./Olimpíadas
Campión/a			
2º-3º posto			
Entre 4º e 8º			
Só participación			

Valoraranse os resultados máis relevantes obtidos en competicións oficiais.

BLOQUE B - Ámbito da competición máis relevante (selecciona unha)



Local / Comarcal	Provincial	Autonómico	Nacional	Internacional/ Olimpíadas

Tomarase como referencia o ámbito máis alto no que participou durante o período subvencionable.

BLOQUE C - Participación en competicións oficiais

Nº de participacións	1-2	3-5	6-9	≥10

Só se computarán competicións oficiais federadas dentro do período subvencionable.

BLOQUE D - Pertenza a seleccións oficiais (selecciona unha)

Sen participación	Convocatoria de ámbito inferior	Convocatoria autonómica	Convocatoria nacional

Debe acreditarse mediante certificado oficial da federación correspondente.

BLOQUE E - Compromiso académico (selecciona unha)

Situación académica	Puntuación



Estudiante en activo con certificado (Primaria, ESO, bacharelato, FP, universidade)	
Non aplicable ou non acreditado	

BLOQUE F - Volume de gastos deportivos xustificados (selecciona unha)

	<500	500-1.000	1.001-2.000	>2.000
Gastos totais xustificados (€)				

Admitiranse xustificantes vinculados á actividade deportiva: licenzas, desprazamentos, material, cotas...



3. OUTROS DATOS DE INTERESE OU ACLARACIÓNS (opcional)

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE ANEXA:

- ☐ Licenza federativa en vigor
- ☐ Certificación de participación en competicións oficiais
- ☐ Certificado de convocatoria por selección oficial (se procede)
- ☐ Calendario deportivo
- ☐ Outros documentos:

Sinatura da persoa solicitante (ou representante legal se menor de idade):



ANEXO VIII – LIÑA 3: DEPORTE DO MOTOR

BLOQUE A - Nivel competitivo acadado

Tipo de competición	
Competición internacional oficial (FIA/FIM ou recoñecida por federación)	
Competición nacional oficial (RFEDA, RFME...)	
Campionato galego oficial (FGAuto, FGMot...)	
Probas autonómicas recoñecidas pero non puntuables	
Probas locais, sociais ou non oficiais	

BLOQUE B - Número de probas realizadas

Nº de probas oficiais completadas no período subvencionable	1-2	3-4	5-6	>7

BLOQUE C - Gastos deportivos xustificandos

Importe xustificado (€)	<500 €	500-999 €	1.000-1.999 €	2.000-2.999 €	≥3.000 €



--	--	--	--	--	--

BLOQUE D - Resultados deportivos acadados

	1º posto	2º-3º posto	4º a 10º	Finalización
Clasificación				

DOCUMENTACIÓN QUE SE ANEXA:

- ☐ Licenza federativa en vigor
- ☐ Certificados de participación ou clasificacións
- ☐ Calendario de probas
- ☐ Calendario deportivo
- ☐ Outros documentos:

Sinatura da persoa solicitante:



ANEXO IX - CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA DE GASTOS E INGRESOS (Liñas 1, 2 e 3)

RELACIÓN DE GASTOS

Nº factura	Proveedor	Data	Concepto	Importe total (€)	Base imponible (€)
TOTAL					

Sinatura da pessoa solicitante:

RELACIÓN DE INGRESOS

[illegible]

Sinatura da pessoa solicitante:

Cod. Validación: 5ZGNZRFWE3HJNF6X437DKCT65
Corrección: <https://portalareas.sedelectronica.gal/>
Documento asignado electrónicamente desde el portal





Visto o orzamento do Concello de Ponteareas para o ano 2025 no que se aproba destinar á concesión de subvencións con cargo á aplicación orzamentaria 2025-34000-4890101-01 con un total de 200.000€, destinadas a promover e apoiar á actividade deportiva no concello de Ponteareas

Visto o informe emitido polo Asesor Xurídico de data 13/06/2025

Visto o informe emitido pola Intervención municipal en data 13/06/2025

Visto a retención do crédito dispoñible no asento contable número 7976.

En uso das facultades conferidas pola lexislación vixente e polo Decreto de Alcaldía núm. 2023-2484, do 19 de outubro de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE PROMOCIÓN E APOIO Á ACTIVIDADE DEPORTIVA NO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2025, tal e como figuran redactadas, e a súa convocatoria

SEGUNDO: Publicar as mesmas no Taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e remitir a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

TERCEIRO: O prazo de admisión de solicitudes finalizará aos **20 días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O 1º Tenente de Alcaldesa
Juan Carlos Gonzalez Carrera
(Documento asinado electronicamente.)

